

PREGO DE CONDICIÓN S PARA A CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DUNHA PARCELA ADSCRITA Á FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE

(Expediente REF.SER.-2024/01)

I.- OBXECTO DO CONTRATO E NECESIDADES A CUBRIR

Este contrato ten por obxecto a explotación dunha parcela por parte do contratista en condicións que permitan a realización de ensaios de diferentes cultivos por parte da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne.

A parcela está situada na Lagoa de Antela (Xinzo de Limia), coa seguinte identificación: parcela 71 do Polígono 177 do concello de Sandiás (Ourense), con referencia catastral 32078A177000710000QW. A dita parcela é un ben patrimonial de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, que está adscrita á Fundación Centro Tecnolóxico da Carne para a realización nela de ensaios de cultivos enmarcados dentro da actividade de I+D+i e transferencia de tecnoloxía que realiza a Fundación, correspondendo a esta última a administración, a xestión, o mantemento e a conservación da dita parcela conforme ao indicado na Orde do 8 de xullo de 2015 da Consellería de Facenda, de adscrición da dita parcela, e na acta de adscrición do 16 de xullo do mesmo ano.

Trátase dun terreo de regadío de 7,5 Ha de extensión moi apto para o ensaio de todo tipo de cultivos extensivos, principalmente cultivos industriais, forraxeiros, hortícolas e cereais, entre outros.

Esta parcela reúne as condicións idóneas para as actividades de I+D+i e transferencia tecnolóxica que desenvolve a Fundación, o que abriría a posibilidade de concorrer a convocatorias competitivas de axudas para desenvolver proxectos de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación que favorecerían a posta en práctica de plans experimentais de campo con plenas garantías e converterían o terreo nunha instalación de referencia onde os agricultores, gandeiros e empresas do sector agroalimentario poderían avaliar e por a punto todo tipo de innovacións.

II.- OBRIGAS DAS PARTES

O agricultor/a adxudicatario explotará a parcela descrita no apartado I deste prego de condicións, o uso da cal cede para este fin a Fundación, levando a cabo os labores de cultivo necesarios para a realización nela de diferentes campos de ensaio e proxectos de I+D+i. Os traballos a realizar inclúen labores de preparación da terra, fertilización, sementeira, tratamentos fitosanitarios, rega e recolección.

O agricultor/a adxudicatario achegará a maquinaria agrícola e as instalacións necesarias para a explotación da parcela e que permitan realizar correctamente os plans experimentais proxectados. Ademais, asumirá todos os gastos procedentes dos labores de cultivo, fertilización, sementeira, aplicación de fitosanitarios, rega e recolección.

O Xefe de Investigación en Tecnoloxía Agronómica da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, Lucio García Calvo, supervisará os labores de cultivo realizados e relacionarase co contratista nos termos estritamente necesarios para asegurar a correcta execución do contrato. A tal fin, manteranse reunións para os efectos do seguimento da execución do contrato e da resolución, se é o caso, das incidencias que xurdan.

En ningún caso o outorgamento do contrato suporá a existencia dunha relación laboral entre a Fundación e o contratista. No momento da extinción do contrato non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizaron os traballos obxecto do contrato como persoal da Fundación.

O adxudicatario deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de prevención de riscos laborais.

Calquera información intercambiada entre as partes con ocasión da execución do contrato será confidencial. A parte receptora da información manterá a confidencialidade e evitará revelala a toda persoa non autorizada. A parte receptora responsabilizarase de que as persoas que estean ao seu cargo se suxeiten ás limitacións establecidas nesta cláusula.

O agricultor/a adxudicatario comprométese expresamente á non reprodución, distribución, comunicación, transformación, posta a disposición ou calquera tipo de manipulación da información confidencial, contida tanto en soportes magnéticos coma en soportes convencionais, a terceiros de forma gratuíta ou onerosa.

En relación cos datos de carácter persoal aos que teña acceso, o agricultor/a adxudicatario cumprirá o disposto na normativa en materia de protección de datos de carácter persoal.

Os produtos resultantes dos labores de cultivo repartiranse entre as partes de acordo co previsto no presente prego. A tal efecto, o agricultor/a adxudicatario aproveitará a colleita unha vez extraídas e entregadas á Fundación as mostras necesarias para analizar as producións dos diferentes ensaios e proxectos de investigación. O procedemento será o seguinte: o CETECA retirará, co seu persoal propio, aquela parte da produción que necesita para realizar ensaios e proxectos, quedando para o agricultor/a adxudicatario a parte da produción que quede en campo.

Nos anexos I e II do presente prego recóllense as producións e a estimación de custos derivados da presente contratación.

III.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

a) Solicitude de ofertas

En cumprimento dos principios concorrencia e obxectividade, para a celebración do presente contrato solicitaranse ofertas a un mínimo de tres agricultores/as, e realizarase unha selección de acordo cos criterios fixados no presente prego.

b) Presentación de proposicións:

- Prazo: o sinalado no convite que, para participar no proceso de contratación, se lles curse aos correspondentes agricultores/as.
- Lugar: oficina de rexistro da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, na Avenida de Galicia, nº 4, Parque Tecnolóxico de Galicia, 32900, San Cibrao das Viñas (Ourense).

c) Requisitos dos/as proponentes

Os/as proponentes deberán estar incluídos no Sistema Especial para Traballadores por Conta Propia Agrarios.


d) Documentación a presentar polos/as proponentes

Os/as proponentes que desexen tomar parte nesta contratación presentarán unha proposición por escrito onde indicarán conxuntamente a proposición técnica (capacidade técnica + maquinaria) segundo modelo que se achega como anexo III.

Esta proposición técnica irá acompañada da documentación acreditativa (orixinal ou copia compulsada ou auténtica) da inclusión no Sistema Especial para Traballadores por Conta Propia Agrarios.

e) Criterios de adxudicación

Os criterios de adxudicación expresados de acordo coa ponderación atribuída a cada un deles, serán os seguintes:



CRITERIOS			Puntuación
1.	PROPOSICIÓN TÉCNICA		
1.1.	<i>Capacidade técnica:</i> valorarase a capacidade técnica na realización de traballos agrícolas, e a adecuación e idoneidade da proposta aos específicos traballos que se requiren.	De 0 a 50 puntos	
1.2.	<i>Maquinaria:</i> valorarase o equipamento e os materiais dispoñibles para executar os traballos.	De 0 a 50 puntos	
PUNTUACIÓN TOTAL			De 0 a 100 puntos

f) Selección e sinatura do contrato

Finalizado o prazo de presentación das proposicións, procederase á súa valoración de acordo cos criterios de adxudicación indicados neste prego polo persoal técnico da Fundación designado a tal fin. O/a propoñente que obteña a maior puntuación será o/a seleccionado/a para a sinatura do contrato.

IV.- DURACIÓN DO CONTRATO

A duración do contrato será desde a súa sinatura ata o 31 de decembro do 2024.

O contrato non será susceptible de prórroga.

V. RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

O contrato ten carácter privado e rexerese polo disposto nel e no presente prego de condicións. No non previsto nos ditos documentos estarase ao disposto na normativa que, atendido o contido do contrato e a natureza da parcela, resulte en cada caso de aplicación, aplicándose os principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, conforme ao previsto no artigo 4 da dita lei.

A orde xurisdiccional civil será a competente para resolver as controversias que xurdan en relación co presente contrato.

VI.- CONSULTAS RELACIONADAS CO EXPEDIENTE

Fundación Centro Tecnolóxico da Carne:

- Teléfono: 988 548 277
- Fax: 988 548 276
- e-mail: info@ceteca.net

En atención ao exposto, o órgano da Fundación competente para contratar en nome desta acorda aprobar o prego de condicións.

San Cibrao das Viñas 11 de marzo do 2024.

Proposto,

O Xefe de Investigación
en Tecnoloxía
Agronómica



Asdo.: Lucio García
Calvo

Revisado,

O Xefe de
Administración



Asdo: Emilio
González Cacheiro

Conforme

O Director Xerente



Asdo: Miguel Fernández
Rodríguez



ANEXO I

PROGRAMACIÓN CAMPAÑA 2024		
BANCAL 1-2024	BANCAL 2-2024	BANCAL 3-2024
Cultivo de pataca para proxectos FEADER 2022/061B (agricultura de precisión), FEADER 2022/051B (acrilamida), FEADER 2022/010B (APROAVI), FEADER 2023/002B (Coren) e Fina de Carballo y	Cultivo de Cereal e xirasol FEADER 2022/010B (APROAVI)	Cultivo de cereal para o proxecto FEADER 2022/061B (agricultura de precisión)

Traballos que realizará o agricultor/a adxudicatario:

- Preparación da terra.
- Fertilización.
- Sementeira.
- Tratamentos fitosanitarios.
- Rega.
- Recolección.

ANEXO II

FOLLA DE CÁLCULO DE CUSTOS

A) CUSTOS DE PRODUCCIÓN DE PATACA

1.- Preparación da terra (1Ha)

	COSTE/Ha (gasóleo, aceites, mantemento)	Nº veces	TOTAL
Asucados	20,00	2,00	40,00
Gradeos	20,00	2,00	40,00
Fresadora	50,00	1,00	50,00
Veso	50,00	1,00	50,00
Sulfatadora	10,00	10,00	100,00
Sementeira	20,00	1,00	20,00
Recolección	110,00	1,00	110,00
Fertilización	10,00	2,00	20,00
TOTAL (1):			430,00 euros

2.- Fertilización (1Ha)

PRODUTO	COSTE		TOTAL
Fertilizante Orgánico	m³/Ha	€/m³	
	20,00	12,00	240,00
Fertilizante Químico	Kg/Ha	€/Kg	TOTAL
	1.000,00	0,90	900,00
TOTAL (2):			1140,00 euros

3.- Sementeira (1Ha)

Calibre	Prezo (€/Kg)	Kg/Ha	TOTAL
28 - 35	1,50	0,00	0,00
35 - 50	1,30	1.750,00	1.925,00
TOTAL (3):			2.275,00 Euros

4.- Tratamentos

	€/Kg	Kg/Ha	TOTAL
Insecticidas granulados	1,20	30,00	36,00
Nematicidas	6,50	0,00	0,00

Herbicidas:	€/Kg ou L	Kg ou L/Ha	TOTAL
Folla ancha	65,00	0,40	26,00
Folla estreita	36,00	0,00	0,00
Queimantes	38,00	4,00	152,00

	€/Kg ou L	Kg ou L/Ha	Nº tratamentos	TOTAL
Insecticidas	18,00	1,00	2,00	36,00

Funxicidas:	€/Kg ou L	Kg ou L/Ha	Nº tratamentos	TOTAL
Sistémicos	20,00	2,50	3,00	150,00
Penetrantes	18,00	4,00	3,00	216,00

Fertilizantes foliares:	€/Litro	Nº Litros	TOTAL
Aminoácidos	20,00	1,00	20,00
Finalizadores (Potasa)	15,00	5,00	75,00
TOTAL (4):			711,00

5.- Rega

CUSTO/Ha	€/Ha	Nº regas	TOTAL (5)
	80,00	4,00	360,00

6.- Recolección

Man de obra, custos enerxéticos,...	€/Ha
TOTAL (6):	500,00



7.- Amortizacións (a 10 anos)

Tractor 2 (110 CV + 85 CV)	70.000,00	50.000,00
Colleitadora	45.000,00	
Sulfadora	12.000,00	
Fertilizadora	4.000,00	
Carro repartidor	7.000,00	
Veso	8.000,00	
Remolques 2	10.000,00	8.000,00
Motores de rega 2	5.000,00	5.000,00
Cobertura	35.000,00	
Chisell	9.000,00	
Cultivadores	6.000,00	
Pá	5.000,00	
Fresadora	12.000,00	
Cinta	3.000,00	
Enchedor de iumbos	4.000,00	
Canón	500,00	
Carretilla	5.000,00	
Sementadora	9.000,00	

Nota: considérase que a produción de pataca require o uso de 2 tractores, 2 remolques e 2 motores de rega.

TOTAL (8):	312.500,00	€ (*)
Anual (dividido entre 10 anos de amortiz.):	25.000,00	€/15 Ha (**)
Por Ha (dividido entre 15 Ha):	1.666,67	€/Ha (***)

(*) O cálculo do custo de amortización realízase considerando un período de amortización de 10 anos e un valor residual do 20 %.

(**) Custo anual para unha explotación tipo de 15 Ha de pataca.

(***) Custo anual por Ha.

8.- Soldos e salarios

€/Persoa	€/15 Ha (*)	€/Ha(dividido entre 15) (**)
	18.000,00	1.200,00

(*) Custo anual para unha explotación tipo de 15 Ha.

(**) Custo anual por Ha.

CUSTO TOTAL POR Ha.


Suma de (1) ata (8):

8.282,67 EUROS

CUSTO TOTAL POR Kg.

Kg/Ha

40.000,00 **0,207**



B) CUSTOS DE PRODUCCIÓN DE CEREAL E XIRASOL (asimilables)

1.- Preparación da terra (1Ha)

	CUSTO/Ha (gasóleo, aceites, mantemento)	Nº veces	TOTAL	
Asucados	12,00		-	
Gradeos	20,00	2,00	40,00	
Fresadora	50,00	1,00	50,00	
Veso	50,00	1,00	50,00	
Sulfatadora	10,00	1,00	10,00	
Sementeira	12,00	1,00	12,00	
Recolección	10,00	1,00	10,00	
Fertilización	10,00	1,00	10,00	
TOTAL (1):			182,00	euros

2.- Fertilización (1Ha)

PRODUTO	CUSTO		
Fertilizante Orgánico	m3/Ha	€/m3	TOTAL
			-
Fertilizante Químico	Kg/Ha	€/Kg	TOTAL
	800,00	0,90	720,00
TOTAL (2):			720,00 euros

3.- Sementeira (1Ha)

Trigo e millo	Prezo (€/Kg)	Kg/Ha	TOTAL
	25	8	200,00
			-
TOTAL (3):			200,00 euros

4.- Tratamentos

	€/Kg	Kg/Ha	TOTAL
Insecticidas granulados			-
Nematicidas			-

Herbicidas:	€/Kg ou L	Kg ou L/Ha	TOTAL
Folla ancha	24,00	2,00	48,00
Folla estreita	45,00	1,00	45,00
Queimantes			-

	€/Kg ou L	Kg ou L/Ha	Nº tratamentos	TOTAL
Insecticidas	18,00	1,00	1,00	18,00

Funxicidas	€/Kg ou L	Kg ou L/Ha	Nº tratamentos	TOTAL
Sistémicos	40,00	1,00	1,00	40,00
Penetrantes				-

Fertilizantes foliares:	€/Litro	Nº Litros	TOTAL
Aminoácidos			-
Finalizadores (Potasa)			-
TOTAL (4):			151,00

5.- Rega

CUSTO/Ha	€/Ha	Nº regas	TOTAL (5)
			-

6.- Recolección

Aluguer colleitadora	€/Ha	TOTAL (6):
		100,00

7.- Amortizacións (a 15 anos)

Tractor (110 CV + 85 CV)	70.000,00
Colleitadora	
Sulfatadora	12.000,00
Fertilizadora	4.000,00
Carro repartidor	
Veso	8.000,00
Remolque	8.000,00
Motores de rega	
Cobertura	
Chisell	
Cultivadores	6.000,00
Pá	
Fresadora	12.000,00
Cinta	
Enchedor de iumbos	
Canón	
Carretilla	
Sementadora	2.500,00

Nota: considérase que a produción de trigo e millo require o uso de 1 tractor e 1 remolque.

TOTAL (8):	122.500,00	€
Anual (dividido entre 15 anos de amortiz.):	6.533,33	€/50 Ha (*)
Por Ha (dividido entre 50 Ha):	130,67	€/Ha (**)

(*) Custo anual para unha explotación tipo de 50 Ha, estimando un período de amortización da maquinaria de 15 anos y un valor residual de 20 %.

(**) Custo anual por Ha.



8.- Soldos e salarios

€/Persoa

€/Ha(dividido entre 50)

12.000,00	240,00
-----------	--------

(*) Custo anual para unha parcela explotación de 50 Ha.

(**) Custo anual por Ha.

CUSTO TOTAL POR Ha.

Suma de (1) ata (8):

1.723 **EUROS**

CUSTO TOTAL POR Kg.

Kg/Ha

10.500,00	0,164	€/Kg
-----------	-------	------



ANEXO III

PROPOSICIÓN TÉCNICA

**CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DUNHA PARCELA ADSCRITA Á
FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE (Ref. SER.- 2024/01)**


DATOS PERSOAIS

Primeiro apelido: Segundo apelido.....
Nome:..... NIF:
Enderezo:
Localidade:..... Provincia:
Código Postal: Teléfono: E-mail:

PROPOSICIÓN TÉCNICA


CAPACIDADE TÉCNICA:

(Capacidade técnica na realización de traballos agrícolas e adecuación e idoneidade da proposta aos específicos traballos que se requiren)



MAQUINARIA:

(Equipamento e materiais dispoñibles para executar os traballos)



CONSENTIMENTO

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, o interesado presta o seu consentimento expreso e inequívoco á incorporación dos seus datos aos ficheiros existentes na FUNDACIÓN e ao tratamento dos mesmos.

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGO

Inscripción no Sistema Especial para Traballadores por Conta Propia Agrarios.

Lugar e data:

Sinatura.

Asdo.:

